

Ficheiro con fins promocionais

Ficheiro con fins promocionais

ALETHEIA MORITAT

Santiago Bergantinhos

Ficheiro con fins promocionais

Licenza do texto: CC 3.0 by-nc-nd

Autor: Santiago Bergantinhos
Edición: Tomás González Ahola
Revisión: David Cortizo Conde
Deseño de capa: José María Picón
Deseño de colección: Denis Fernández Cabrera
Maquetación: Sacauntos

ISBN: 978-84-16121-67-0
Depósito Legal: C 116-2017

Impreso e encadernado na Galiza por
Sacauntos Cooperativa Gráfica
www.sacauntos.com

Distribúe:
Consortio Editorial Galego

Edita:
Urco Editora
R/do Avío 11, baixo
15705, Compostela, Galiza
info@urcoeditora.com

Maquetado e deseñado con Software Libre

Esta obra está publicada baixo unha licenza de Recoñecemento-Non comercial sen Obra Derivada 3.0 España de Creative Commons (CC 3.0 by-nc-nd). Isto significa que es libre de a copiar e distribuír sempre e cando cites a fonte e sexa sen ánimo de lucro.

Ficheiro con fins promocionais

ALETHEIA MORITAT

Santiago Bergantinhos

urco

EDITORA

Ficheiro con fins promocionais

Ficheiro con fins promocionais

I

Cando abrín os ollos e abandonei o soño, e fun consciente da miña primeira inspiración, díxenme a min mesmo: «Son Harshvardhan Wettin. Ese é o meu nome. Esta é a miña realidade.»

Do seguinte do que tiveren conciencia foi dun asistente de voo que se encontraba a carón da miña estreita butaca de corredor na clase económica do estratoavión.

—Xa chegamos, señor —dixo o malaio amabelmente—. Debe saír co resto da pasaxe.

Sorrín e levanteime do meu asento, o único que seguía ocupado, pois xa todos saíran e neses momentos percorrían o tubo para accederen á terminal de Kuala Lumpur. Menos dun minuto despois seguíaos polo mesmo camiño, a bo paso e decidido, coas mans ás costas, e aínda meditando na miña misión tan lonxe do meu centro de traballo. Alcancei o resto dos pasaxeiros que facían cola para pasaren polo arco de identificación, ocupados coas súas equipaxes de man e, en contadas ocasións, obrigados a responder a algunha pregunta por parte das autoridades de estranxeiría. Mais case todos, sinxelamente, eran recoñecidos baixo o arco polo chip subcutáneo, o seu visado ficaba automaticamente validado e seguían o seu camiño como se só se desprazasen dun barrio a outro da súa propia cidade.

Eu achegueime a un dos axentes de uniforme, que ía vestido dun azul brillante e escuro, e amoseille a miña identificación, sen lle dicir nin

sequera unha palabra. Malia a súa sorpresa inicial, fixo un aceno de asentimento e consultou nun terminal os meus datos. Alí de pé, silencioso, coas mans ás costas, agardei mentres contemplaba o ir e vir dos miles de pasaxeiros que se dirixían ás portas de embarque baixo a cúpula holográfica de paisaxes submarinas que facían pensar que nos encontrabamos nas profundidades do océano. Baixei lixeiramente as lentes de sol para apreciar mellor as cores, e coa miña visión sen deformar volvíñ ollar para a xente, ás veces familias completas con crianzas, que apuraban o paso ou parecían discutir co mesmo ar, ou manter debates con seres imaxinarios.

—Sobrerrealidade activada —murmurei.

Os contactos activáronse e sentín unha lixeira euforia. A cúpula holográfica gañou en resolución, profundidade e calidade de movemento, e pasei, se é que así estaban definidos polos seus propietarios, a ver os fantasmas cos que algunhas persoas falaban ou discutían, ou simplemente camiñaban ao seu carón sen lles dicir nada, xa fosen proxeccións de seres reais que estaban no lonxe ou sombras que operaban no Sistema e tiñan aparencia humana. Tamén percibín sutilmente que había alguén ao meu lado que non estaba antes, aínda que na realidade non había ninguén como tal. Mais sabía que non tiña máis que xirar lixeiramente a cabeza á miña dereita, e alí estaría ela.

—Ola, Amica Casandra.

—Wettin... —respondeu tan formal como sempre. Levou a man dereita aberta xusto baixo o ombro esquerdo para me facer o saúdo cruzado e eu respondínlle do mesmo xeito.

Cando chegaron os axentes da alfándega percibín a súa lixeira sorpresa ao veren a miña realidade sombra ao meu carón, cando saíra do estratoavión sen ningunha, e sobre todo por veren unha muller que igualaba case a miña elevada estatura, vestida co uniforme oficial das forzas da Policía Homóloga cunha chaqueta entallada de tipo *nehru* con colariño tipo mao abotoada á fronte e uns pantalóns, tamén negros, que non mostraban nin unha engurra e semellaban cortados polo máis hábil dos xastres IA que fixese o clásico traxe *acult*. A chapa no seu peito, igual á que eu levaba no peto, brillaba en ouro, e brillantes eran os seus ollos marrón claro no seu rostro de faccións serenas e clásicas den-

tro do canon oriental. Moveuse lixeiramente, con naturalidade, e o seu cabelo en melena até o colo, nin un milímetro máis longo do que marca o regulamento, ondeou un pouco cando se dirixiu a min:

—Que tal a viaxe, Wettin? —preguntou coa súa perfecta dicción en loj.

—Durmindo como un bebé —dixen distraidamente—. E vosaía?

—Perfectamente —respondeu segundo o protocolo. Sorrín ao pensar que as IAs non viaxan e simplemente están aí, en todo lugar.

Os axentes da alfándega achegáronse cunha caixa metálica e selada de pequenas dimensións. Despois dos saúdos protocolarios e de nos dar a man collín a caixa e dixen na voz o máis clara posíbel para que ficase gravado:

—Son o marshall Wettin da División de Policía Homóloga da Narración. Recupero a miña arma regulamentaria de mans da autoridade alfandegueira malaia da Rexión do Suroeste Asiático, e paso a me someter ás súas leis locais nos termos establecidos na Carta de Igualdade.

Coloquei os dous polgares nos identificadores da caixa e saquei a arma discretamente, comprobei que o seguro seguía na súa posición de bloqueo, como debía, e agacheina coa maior velocidade posíbel na cartucheira do meu costado, ben oculta pola chaqueta escura e imperceptíbel coa longa gabardina de cor crema que, como sempre, levo desabrochada.

Os dous axentes da alfándega seguían a ollar para min con solemnidade, e un deles semellaba fascinado con Casandra, que sostiña a súa mirada coa impasibilidade dunha estatua.

—Foi un pracer, cabaleiros —dixen con simpatía—. Xa nos volveremos ver cando marche.

Crucei o arco, neses momentos baleiro, e aínda que os seus pasos eran inaudíbeis, era plenamente consciente de que ela ía ao meu carón, e nalgúns casos chamaba a atención dalgúns dos viaxeiros que reparaban nunha realidade sombra de uniforme, que quizais algúns mesmo recoñeceron como unha IA ao servizo da Homologación.

Inmediatamente despois de chegar o estratoavión, tal e como eu pedira a Casandra, un taxi recibiu a autorización para recoller a miña equipaxe e buscarnos logo nas portas de acceso do aeroporto. Ao pouco de saír pola porta principal vin achegarse entre o resto dos vehículos o noso, sinalizado por unha gran boia translúcida de intensa cor escarlata

sobre el, que desapareceu da miña vista xusto cando o vehículo estacionou diante nosa. Unha voz no idioma prefigurado polos meus datos persoais saudoume á par que se abría a porta para me deixar subir. Monte no vehículo lixeiro de cor amarela, con capacidade para dúas persoas e de forma ovalada. Cando entrei, Casandra xa se encontraba sentada nun dos asentos e, logo fechar eu o cinto de seguridade, o automóbil dirixiuse automaticamente ao meu hotel.

—Algunha novidade sobre o caso? —preguntei.

—De a houber, recibirías notificación —respondeu ela sen me mirar—. De momento a meirande parte segue a ser clasificada.

—Certo. Mais prefiro que mo confirmes ti.

—Non hai ningunha novidade —retrucou cun sorriso—. Seguen sen nos dicir ren.

Respirei pesadamente e relaxeime no curto traxecto. Tiña estado en Kuala Lumpur nun par de ocasións e non sentía ningún desexo de contemplar a paisaxe urbana, máis que coñecida, cos seus edificios altos de centos de andares que se elevaban ao ceo brillando como aceiro bruniado. Casandra permanecía calada á espera de que lle dirixise a palabra, coas mans entrelazadas sobre os xeonllos e a mirada supostamente distraída nos enormes edificios que comezaban a nos rodear. Era totalmente distinta da A_{III} coa que estivera a traballar até había uns poucos meses, e non deixaba de me intrigar.

O taxi deixounos ás portas do hotel, de estilo neooccidental se non me fallaba o criterio, e que quería dar a impresión de luxo dunha antiga gran metrópole europea. Por dentro reproducía o mesmo patrón estético, con alfombras moles de tons vermellos, madeiras lacadas e espellos que cubrían as paredes, así como grandes lámpadas que iluminaban en exceso o amplo recibidor. Un par de hóspedes entraba e outro saía nese momento, mentres eu esculcaba o lugar. Decontado activouse o trazador na miña visión de campo ao recibir os datos do Sistema no hotel, e vin a liña que debía seguir para chegar aos ascensores, malia que Casandra xa se dirixía cara a alí. Entramos na cabina os dous sós, e inmediatamente o ascensor ascendeu até o noso andar. No corredor as luces activáronse a medida que pasabamos e un metro antes de chegar, a porta abriuse cun lixeiro asubío. Dentro agardaba un rapaz dos recados malaio vestido co traxe

vermello tradicional do seu oficio. Acababa de depositar a miña equipaxe, unha simple maleta de bo tamaño, a carón da cama, e saudou con deferencia cunha lixeira inclinación.

—Propina: dous bancores —dixen con preguiza. No ombro esquerdo do mozo apareceu a cifra e o símbolo do bancor, que se esvaeceu coa profunda reverencia que o mozo me dedicou antes de marchar, sen mirar nin un momento para Casandra.

—Hora —dixen para saber canto tempo tiña, e agardei a que aleatoriamente aparece un reloxo de díxitos á dereita do meu campo, ou me respondese Casandra.

—Son as oito e catorce da mañá —respondeu a IA—. Tes tempo de sobra para te arranxar e ir á facultade. Se hai algunha novidade han pórse en contacto comigo, e nese caso avisarei.

Aproveitei para mirar o cuarto. O papel pintado era idéntico aos doutros mesmos nos que estivera por todo o mundo adiante, e a moqueta de cor verde parecía nova. No cuarto de baño barbeeime co lapis dérmico e aseieime un bocado antes de mudar a roupa interior e cepillar un pouco o traxe a raias escuras, que volvíñ vestir. Calcei os mesmos elegantes zapatos de coiro e co colo da camisa azul levantado, fronte ao espello, anoei á perfección a gravata dourada, que mostraba unhas discretas esvásticas nun ton máis intenso que o resto da seda sintética.

—O taxi chegará en cinco minutos —anunciou Casandra amablemente.

Agardamos uns intreiros ante a porta do hotel. A longa avenida, gardada por enormes edificios envidrazados, estendíase centos de metros en ambas as direccións, e entre eles, como nun taboleiro de xadrez perfectamente ordenado coas súas liñas rectas que se intersectan, os transportes individuais e colectivos dirixíanse a candanseu destino cunha perfección milimétrica. O noso taxi chegou, estacionou suavemente e dirixímonos á facultade onde se cometera o crime polo que me solicitaran con tanta urxencia, até o punto de me facer interromper as miñas vacacións.

—Liches o resumo do decano Bon? —preguntoume Casandra.

—Si. Fíxeno antes de comezar a viaxe. Non creo que cause ningún problema. É un funcionario que non buscará ningunha complicación. E

se é o que quere, cando te vexa a ti co uniforme e teña un marshall da Homologación diante e en persoa, ha pensalo mellor.

—A universidade é un ente autónomo cos seus propios estatutos —aclarou Casandra.

—Seino, e linos. Se me excedo, faime un aceno.

—Que aceno?

—Pon cara de espanto.

Casandra fixo unha proba, e debín admitir que lle ficou bastante convincente.

A facultade de ciencias da computación encontrábase xusto no centro do campus da universidade. O taxi foi minorando ao entrar nos terreos onde se vía a xente nova sentada polo céspede, e seguiu as sendas de sentido único. Deixounos fronte a un edificio en forma de seta, de máis de quince andares de grandes xanelas azuis, onde se impartían as aulas e vivían algúns dos alumnos presenciais. Nas portas de acceso agardaba por nós o decano Bon e mais o secretario da facultade. O primeiro era un home de raza mixta lixeiramente entrado en carnes, de meixelas flácidas e cabelo escaso e cano, vestido con pantalóns marróns e unha chaqueta de tecido de espiña de peixe en cor gris, con xersei verde escuro e unha gravata negra. Sorprendeume ver que sobre a ponte do nariz levaba posta a montura dunhas lentes arcaicas. O outro home, un chinés de etnia han e mediana idade, vestía un traxe *acult* como o de Casandra, gris, e ao contrario do outro, a quen se vía visiblemente ansioso e emocionado, permanecía co rostro inexpresivo.

—Decano Bon? —saudei cunha inclinación ao chegar a eles—. A Homologación saúdao a través de min.

O decano respondeu ao meu saúdo e démonos a man á vez que me respondía.

—A universidade de Kuala Lumpur dálle a benvida, marshall Wettin. Vostede e mais a Homologación poden contar connosco para canto precisaren. Acompáñame o secretario Wong, que quería estar presente neste momento.

Mentres intercambiaba o apertón de mans co secretario, o decano volveuse para Casandra e levou a man dereita estendida ao ombro esquerdo para a saudar nun ton de voz aínda máis amábel e servizal.

—Saúdos, Amica Casandra. Está ben vosaía?

Casandra fixo o mesmo saúdo, con lentitude, e sorriu lixeiramente.

—Saúdos, decano Bon.

—É vosaía unha A_{IV}, certo?

—Certo. Son unha Intelixencia Arquitectural de Nivel IV, actualmente en fase de probas, como toda a miña arquitectura. O meu nome de referencia é Casandra, e a el respondo.

—Encantado de a coñecer —falou o secretario por primeira vez, e sorrindo tamén por vez primeira.

—Ao servizo das súas señorías e da humanidade —respondeu ela protocolariamente.

O decano fíxonos pasar ao interior da facultade. No andar res do chan encontrábanse os salóns de actos e a aula magna, aínda que dada a gravidade do caso que nos ocupaba reprimiu a súa perceptíbel necesidade de presumir dos seus dominios e levounos directamente ao seu gabinete, a cuxa porta se despediu o secretario para seguir cos seus labores. O decano fíxonos pasar e ao momento todo tivo sentido cando vin as paredes cubertas por mobles ateigados de libros luxosamente forrados en imitación de coiro. O chan estaba cuberto por unha alfombra de fino acabado e a gran mesa do decano, así como as moles cadeiras fronte del, aínda que sen dúbida de plastitodo, parecían de auténtica madeira.

—Sente, suplicollo —dixo mentres ocupaba a súa gran cadeira e apoiaba os brazos na perfecta superficie da mesa. Eu acababa de tocar lixeiramente, con discreción, un dos botóns da miña chaqueta, e desconecteime da sobre realidade dez segundos. Non me sorprendeu que todo o que tiña ante a miña vista fose de verdade.

—Decano Bon —dixen no momento en que Casandra, sentada ao meu carón na cadeira da miña dereita, volvía aparecer no meu campo—, permíteme felicitalo polo seu gabinete? Había tempo que non vía un tan ben reconstruído.

—Agradézollo —respondeu o home, moi orgulloso da súa obra—. Non todo o mundo repara nel —engadiu con infantil entusiasmo—. E que me di do meu arquetipo?

—Agora ía comentalo: moi logrado. Semella un sabio á antiga. Sobrio, mais á vez algo desleixado.

—Moi agradecido. Non acha que a montura das lentes é algo excesiva?

—En absoluto —respondín con firmeza—. Son necesarias.

—Non cre que a xente se ha decatado de que non teñen cristais?

—Garántolle que non. Hai xeracións que ninguén sabe o que é un cristal graduado.

—Moi agradecido. Agradézollo de corazón. En canto a vostede... marshall Wettin —estendeu as mans sobre a mesa, levantounas apoiándoas nos pulsos e deixounas caer—. Ben... vostede é o marshall Wettin! Non podo dicir nada do señor... ou do seu arquetipo, que non se dixese xa.

—Afágame —dixen un pouco agoniado.

—Si, mais ha permitirme facelo. Non sempre se coñece en persoa alguén tan famoso como o señor.

—É certo —dixen sen xactancia—. E agora, se mo permite, falemos do que me trouxo aquí.

—Por suposto —respondeu con total seriedade, mais sen poder evitar o sorriso—. Como lle dixen antes, teñen a nosa colaboración a todos os niveis. Só lle pedimos que, polo que máis queira, sexa discreto. A Narración comeza a falar disto e...

Interrompeuse e olloume con cara de súplica, como se eu puidese axudalo. Notei tamén que, malia estar fascinado por min, ou máis ben polo meu cargo e a miña sona, non conseguía apartar a mirada de Cassandra, que permanecía nunha relaxada postura, sentada ao meu carón.

—A Narración é inevitábel, decano —afirmei con gravidade—. Non ten por que inmiscirse e a confidencialidade até que o caso deixe de ser materia sensíbel está garantida. O asasinato é un asunto que non se toma á lixeira.

—Certo —dixo con nerviosismo—. Mais quero recordarlle que somos a facultade de informática máis prestixiosa do mundo. Os nosos avances teóricos nas intelixencias arquitecturais...

Interrompino erguendo un pouco a man e cunha mirada severa. Ficou a media frase, sen saber que dicir.

—Iso non me compete, nin a súa pugna de tantos anos coa universidade de Nicaragua por seren os primeiros. O único que lle podo garantir é que respectarei os estatutos da universidade á que esta institución educativa pertence —seguí co ton de voz máis serio e decidido

que sei pór—. Realizarei a miña investigación con plena autoridade e independencia como delegado plenipotenciario da Homologación, sen consentir que as miñas decisións se cuestionen en ningún momento, e cando este crime se solucione poderán seguir coas súas actividades.

—Por suposto que si —respondeu o decano—. Non teña dúbida de que colaboraremos en todo. Pode acceder a todos os nosos rexistros, e profesorado e alumnado recibiron instrucións para obedeceren en todo.

Púxenme en pé con brusquidade e Casandra fíxoo lentamente, sen deixar de fitar o decano, que lle devolvía a mirada sen ser quen de ocultar a súa confusión.

—Non é preciso que nos acompañe. Casandra ten os parámetros da Central e ha guiarme até o lugar do crime.

—Por suposto.

—Encantado de o coñecer, decano Bon. Se preciso da súa axuda ou mediación, fareillo saber.

—Por suposto. Encantado de coñecer o señor marshall Wettin. E a vosoía, Amica Casandra.

Abrín a porta para que Casandra saíse antes ca min e non afectase á ilusión da sobre realidade, e xusto cando estaba a piques de cruzar deu a volta, inclinouse lixeiramente coa man dereita no ombro esquerdo e despediuse do decano.

Ficheiro con fins promocionais

Percorremos as bóvedas do recibidor da facultade camiño dos ascensores que nos levarían ao cuarto do alumno asasinado. Casandra interpeloume de súpeto.

—O meu módulo de comportamento lóxico e simulación non acabou de comprender o voso diálogo —díxome con expresión de curiosidade—. Por que estaba tan intimidado ante ti?

—Sábelo perfectamente: son un marshall da Homologación. Son conscientes do que represento e teñen moi claras as consecuencias de non me obedecer. Aínda que non teñan a menor intención de se enfrontaren a min, o feito que eu mesmo lles lembre que poderían facelo e sufrir a represalia intimídaos. Para eles eu son o Leviatán.

—Ah. De feito... non é así. Non es, ou non de todo. Para eles eu son o Leviatán.

—Aí está o truco —dixen mentres entraba no ascensor—. Que andar é?

—O cuarto —respondeu ela—. Mais eu son o Leviatán —insistiu mentres subiamos—. Eu son quen está integrada no Sistema. Eu si formo parte do Leviatán.

—Mais as túas funcións non son as que meten medo. Para iso estou eu e as funcións do Leviatán que represento.

—Certo —concedeu—. Pensas que eu podería aprender a facer iso, a intimidar alguén dese xeito?

Saímos do ascensor e fiquei cavilando un momento no que me dixe-
ra Casandra.

—Non sei. Sinceramente, nin eu nin ninguén sabemos o que a nova
Arquitectura pode acadar. Desde logo non te parece en nada á miña
antiga A_{III}. A min de momento desconcértasme ás veces.

Casandra sorriu amplamente co seu belo rostro e ladeou un pouco a
cabeza, o que a fixo parecer aínda máis encantadora. Mesmo sendo
consciente de que as deseñan para ser amábeis e todo o oposto a unha
presenza ameazadora, sentín por un momento a mesma sensación de
desacougo e confusión de quen se acha no fondo dun val do que non
sabe cal é a profundidade e do que non ten idea de como saír.

—É pola dereita —díxome—. Están a agardar por nós.

Seguín a Casandra polos corredores do andar residencial. Ao xirar
un ángulo vin ao fondo do corredor, agardando por min, a Nanuma.
Vestía o seu uniforme *acult* verde oliva do corpo informático da Homo-
logación, cor que lle que favorecía e facía resaltar a intensa cor negra da
súa pel e as súas nobres faccións africanas. Era mesmo máis alto do que
eu, atlético e robusto, e estaba tan concentrado a ler algo na súa tabela
de datos que non se decatou de que nos achegabamos até que case esti-
vemos ao seu carón.

—Harshvardhan! —exclamou cando se apercebiu da miña presen-
za—. Que tal estás, home?

—Alégrome de terte no meu campo, Nanuma —dixen mentres sina-
laba os ollos con dous dedos. Ía saudar coa man no ombro esquerdo,
mais daquela decateime da súa mirada burlona e de que de súpeto el
pousaba a súa sobre ese mesmo ombro e me tocaba—. Mais se estás
aquí! —exclamei—. En persoa!

Non dixemos máis porque nos abrazamos coa mesma forza que dous
picariños e comezamos a rir como idiotas.

—Como é posíbel? —interroguéino cando nos separamos, aínda que
seguimos agarrados fortemente polos antebrazos—. Pensaba que non
saías de Pionyang nin atado.

—Ben... —dixo el xa serio—. Digamos que me trouxeron atado.

—Hai canto que non nos viamos en persoa, pendón? Máis de quince
anos?

—Por aí. Se non máis.

—Aconteza o que acontecer, antes de marcharmos de aquí temos que fumar *ganja* xuntos.

—Moitas veces fumamos xuntos a *ganja* e estamos a falar durante horas.

—Mais non fumabamos da mesma cachimba. Non é o mesmo.

—Abofé que non. Podes telo por feito, compañeiro.

Separámonos e reparei en que Casandra ollaba para nós cunha expresión lixeiramente divertida.

—Por que non me dixeches que estaba Nanuma en corpóreo? —pregunteille.

—El pediume que só falase do equipo e que en caso de que non fose necesario recalcar a súa presenza física en Kuala Lumpur, que non a mencionase. Supuxen que quería darche unha sorpresa.

Nanuma sinalouna e dixo:

—A que son incríbeis? A A_{IV} é... a bomba! —exclamou entusiasmado.

—Non o sabes ben. Por certo... —engadín mentres ollaba a porta fronte a nós— tan grave é?

—Agora son eu quen che di que non o sabes ti ben, Harshvardhan —e puxo tal cara de preocupación que ma contaxiou—. Por que cres que te chamaron?

—Iso quero saber eu. E por que ninguén me dixo nada até agora. A que vén tanta seguridade?

—Código de verificación por voz —dixo á porta para que o ouvisse o Sistema—. Transfiro autoridade e delego no meu superior o marshall Wettin tal e como se me requiriu que fixese á súa chegada.

—Non abonda coa verificación biométrica? —preguntei

—Mellor non nos arriscar. Entremos. Os tres —engadiu mirando a Casandra.

A porta abriuse cun murmurio e pasamos ao cuarto do mozo asasinado, pois non me informaran de nada máis que da natureza do crime que debía investigar. Era un espazo diáfano de trinta metros cadrados. A superficie estaba cuberta por unha moqueta rugosa que simulaba o *tatami*, ideal para andar cos pés espidos e estimular a circulación sanguínea. As paredes estaban núas, e só se vían un par de cadeiras de brazos de de-

seño ergonómico no centro. Nun dos armarios embutidos, aberto, destacaba dobrado un *futón* de intensa cor vermella que a vítima utilizaba para durmir pola noite.

—Espartano —ditaminei en voz alta—. Supoño que case todo o faría na sobrerrealidade.

—Iso parece —respondeu Nanuma—. Mais iso non é o peor. Dime: que ves?

—Non te entendo. Como que que vexo? Un cuarto de estudante. Bastante mellor que o que tiven eu na Academia, por certo.

Nanuma levantou os brazos, xirounos como se tivese enriba unha enorme esfera á que daba voltas e abrangueu co seu xesto o conxunto da estancia.

—Isto, amigo Harshvardhan, todo isto que ves, todo o cuarto deste pobre rapaz... e no que agora estás dentro, non é nin máis nin menos que unha computadora.

—Perdón? Desculpa o meu desconcerto, mais cría que quen se laiaba de que o outro falaba con arcaísmos eras ti.

Nanuma volveu repetir o aceno cos brazos.

—É unha computadora! —repetiu—. Este cuarto e os seus compoñentes están separados do Sistema!

—Andas a me amolar?

—Non amolo ren —dixo encantado coa situación—. De xeito ningún! Coido que unha vez mo explicaches, contáchesme que nos tempos arcaicos as primeiras computadoras eran mecanismos illados que non se conectaban uns con outros, nin podían intercambiar datos.

—Os tempos iniciais, si —dixen sen saber a conto de que viña todo aquilo—. Era unha tecnoloxía nova, ao alcance só dos Estados e das grandes empresas. Mais que ten iso a ver co que estás a dicir e co asasinato que se cometeu aquí?

—Coido que me explico mal —dixo el mentres recapacitaba—. A ver: ao principio as computadoras existían de xeito illado, non é iso? Cada unha era un aparello de seu.

—Non exactamente. Mais si, durante unhas poucas décadas, se te refires a iso, foron aparellos individuais que cada familia tiña na súa casa, as que podían permitirse o gasto.

—E eran un obxecto físico! —dixo agardando a miña aprobación.

—Eran. E que?

—E é verdade que se puñas un deses aparellos a carón doutro, non se comunicaban de ningunha maneira?

—É algo máis complicado —expliquei—. Ao principio podían facelo por un cable e despois por ondas. Mais non sei onde queres ir parar. Iso foi hai moitísimo tempo.

—Isto é unha computadora! —insistiu Nanuma—. O rapaz apartou todos os compoñentes do cuarto para se illar do Sistema. O que facía aquí era... estanco, por así dicilo; alleo ao Sistema. E segue a selo.

—Como unha contorna de probas?

—Para iso non é necesario ocultarse do Sistema, mais si. Unha contorna de probas allea ao Sistema. Porque non hai outra explicación: o que fixese, quería facelo ás agachadas.

—E permitíronllo? —preguntei incrédulo de que o Leviatán se deixase eludir dese xeito.

Nanuma encolleu os ombros e deu uns pasos polo cuarto até se achegar á xanela, desde a que se dexergaba boa parte do campus.

—Era un alumno brillante, e ben, isto é unha facultade de ciencias cognitivas e computacionais, probabelmente a máis importante do mundo. Non me estraña que llo permitisen. Por certo: mira detrás de ti.

Fixeno e nese momento caín na conta de que Casandra non interviñera na nosa conversa. De feito non estaba sequera no corredor, e non a podía ver.

—Por que non entras? —preguntei ao baleiro. E nada máis realizar a pregunta decateime do que pasaba. O cuarto formaba o seu propio sistema illado do Sistema e Casandra non tiña comunicación con el, nin nós con ela, como se nos encontrásemos dentro dunha burbulla opaca.

—Nin sequera te ouve. E nós a ela tampouco. Agora mesmo a pobre debe de estar no medio do corredor sen saber que facer. Non podemos vela nin ela a nós. É estraño, verdade? Por iso che dixen que isto é un computador. Fisicamente é un ente como calquera outro, entramos nel fisicamente porque abrimos a porta, mais Casandra ficou fóra, como... non sei...

—Como se un programa externo non instalado ou unha memoria externa se situase a carón dunha computadora arcaica —razoei—. Non terían xeito de se comunicaren.

—Iso é! Nós estamos dentro e ela fóra.

—Non pode entrar?

Nanuma entón demudou o rostro e dixo:

—O problema —dixo en voz baixa—, podes acreditar, non é o que pode entrar. Autorización Nanuma, Corpo de Enxeñeiros do Sistema da Homologación. Interface de pasarela para Amica Casandra A_{IV} asignada ao marshall Wettin.

Casandra reapareceu no meu campo abruptamente, algo que contradecía os protocolos de seguridade e de etiqueta para as sombras. Logo dun momento de vacilación e do que pensei era expresión de perplexidade no seu rostro, deu un paso adiante e entrou no cuarto. Nanuma achegouse a ela para lle falar.

—Vosaía é a primeira Amica que entra aquí. Que impresión lle dá?

—É por certo incómodo —respondeu ela nun ton de voz seco.

—Impresionante —dixo Nanuma marabillado—. Sinxelamente impresionante. Interpretou o retardo provocado pola pasarela que creamos como incomodidade.

—Obviamente nós non notamos ese retardo —dixen eu.

—Abofé que non. Mais para ela debe de ser como para nós movernos en xelatina.

—Ben —dixen eu—, vin aquí facer a investigación dun asasinato. Por que viñeches ti, Nanuma? Só porque este cuarto é un sistema illado?

O meu amigo mirou a Casandra de esguello, que non parecía decatarse aínda de que sen dúbida o captara desde os sensores das paredes.

—Digamos que te chamaron non apenas porque sexas un marshall, mais tamén porque... tes outras habilidades.

—A que te refires? —preguntei sen entender nada.

—Lembras como nos coñecemos?

—*Teufel!* —exclamei sen poder evitalo. Apertei os puños e rinchei os dentes pola indignación que nese intre me invadía—. Hai moitos anos que non fago iso e só era un pasatempo.

—Xa, mais... mellor cóntocho logo, cando saibas as circunstancias do asasinato.

—Hai unha? —dixen mirando desorientado ás paredes da estancia—. Hai unha delas aquí?

Cassandra dixo que si coa cabeza, moi lixeiramente e sen seguridade ningunha.

—Acabemos con isto —dixen en voz baixa—. Sistema, preséntame os datos da investigación da policía local sobre o asasinato do alumno Amón-Ra Almiri.

Sentei nunha das butacas do cuarto e durante unha hora estiven a ler o informe e a analizar os datos forenses. Nese tempo Nanuma seguiu traballando coa súa tabela e no seu propio campo. Tal e como me explicou, aproveitaba tamén para se illar dos seus compañeiros, que estaban a virar cada vez máis histéricos por razóns que logo me faría comprender. Cassandra permaneceu de pé, ás miñas costas.

—Diaño —dixen cando acabei de ler os informes—. Por que me chamaron a min? Que ten isto a ver coa Narración? Son un marshall, non un detective de homicidios dunha policía local.

Nanuma ergueuse. Na man dereita levaba un dispositivo do grosor dun dedo medio, aínda que máis longo.

—Só liches o informe oficial da policía. Cando descubriron o que che vou amosar chamáronnos e descubrimos que este era un sistema fechado, e os regaliños que ocultaba... a Homologación reclamou o caso. Chamáronme a min e a outros catorce especialistas.

—Catorce? —preguntei abraiado—. Viñestes até aquí... catorce? Fisicamente?

—Si.

—Non pode ser tan grave.

—Cóntamo ti —puxo na miña man o dispositivo e dixo—: Sistema, activa a decoración de paredes sobrerreal que tiña programada Amón-Ra Almiri.

O Sistema activou os elementos decorativos, aos poucos para favorecer a adaptación e que non se producise un choque ocular como o que antes sufrira coa súbita aparición de Cassandra no corredor. Comezaron a definirse algúns carteis, mais inmediatamente me decatei de que o único importante era o que estaba fronte a min, unha pintada escrita en loj, e que deixaba moi en claro por que eu era necesario alí. Ollei para o dispositivo na miña man.

—O asasino escribiu iso após matar a Amón-Ra? —preguntei.

—É o máis seguro —dixo Nanuma—. Sabemos o código de tempo en que se escribiu, desde logo, e o lóxico é pensar que o asasinato se produciu pouco antes que o asasino realizase ese... acto de reivindicación, ou como queiramos chamalo. Sabías que era algo moi común que a xente escribise mensaxes políticas e doutro tipo nas paredes das cidades? —preguntoume a min, aínda que xa podía imaxinar a resposta.

—Así é. Probabelmente é algo tan antigo como a civilización e a mesma escritura —expliquei—. Actualmente só se da en lugares afastados e en transcidades.

—Sabes o que é, non?

—Ahá. «Non construíras unha máquina á semellanza da mente humana» —lin na parede—. Quen escribiu isto empregou este lapis de marcación sobrerreal?

—Si. A vítima tiña o seu, mais quen fixese isto quería estar seguro de deixar esta mensaxe. Debuxalo cos dedos non había ser tan efectivo.

—Puido traelo como un arquivo e cargalo contra a parede, mais quixo escribilo ao momento seguinte do asasinato.

—A pregunta é clara —dixo Nanuma—: foron os luditas?

Rin lixeiramente, sen deixar de mirar a pintada.

—A Revolta Ludita de Farwa produciuse cando a miña avoa era nova, Nanuma. E a miña avoa morreu hai moitos anos a avanzada idade. E chámalle revolta por chamarlle algo; nin sequera chegaron a facer verdadeiro dano, aínda que nos deixaron a todos a tremer. Os luditas que restan chámase a Guerra Ludita, mais os luditas a día de hoxe son aos luditas daquela altura o que o día é á noite.

—Sabes de onde procede esa frase, non si? Sen consultalo, digo.

—Claro que sei. Procede dunha novela do século XX, dun xénero literario que se chamaba ficción científica.

—Así é. O Sistema confirmouno e como se converteu nun dos lemas dos antigos luditas. Os tempos anteriores á Arquitectura I. Os vosos antepasados, Amica Casandra.

—Técnicamente non —retrucou ela—. As IAs non temos descendencia, senón que nos actualizamos. O Leviatán é anterior á Arquitectura I.

—Intelixencia Artificial —dixen mentres ollaba para ela fixamente—. É o termo arcaico, antes de que se redefinise como Intelixencia

Arquitectural, ou Intelixencia Amica. Porque sodes os nosos amigos, non si, Casandra? —preguntei por xogar un bocado.

—Así é —respondeu ela calorosamente—. Intelixencias Amigas, para te servir a ti e á humanidade.

Nanuma bufou con sorna.

—Intelixencia Artificial —repetiu con sorna—. Non tiñan nin idea. É imposible e sempre será.

Suspírei e volví mirar a parede.

—Xa, mais nunca o entenderán, nin esa pseudoidea sairá nunca da Narración, cando menos mentres nós vivamos.

—Pois iso non é nada —dixo Nanuma con voz misteriosa—. Agarda a coñecer unha das IAs que tiña Amón-Ra aquí.

—Temo o peor —dixen resignado—, mais agora quero ver a simulación do asasinato para rematar con esta parte. Sistema, carga a simulación que fixo a policía do asasinato de Amón-Ra Almizri.

A representación do alumno visualizouse no meu campo. Non era moi alto, vestía un pixama de cor azul escura e na súa cara de marcadas faccións árabes resaltaba unha trezada barba faraónica moi elegante, que cos seus cabelos longos, supuxen, farían que resultase irresistible para moita xente. Mirei para o chan e vin a imaxe simulada do *futón*, do que sen dúbida se erguera para abrir a porta. Non había ningún rexistro de chamada no timbre, nin ningún outro, polo que por forza tiveran que chamar cos cotobelos.

—Durante dez minutos ningún sensor en portas ou corredores rexistrou nada? —preguntei a Nanuma para confirmar o lido no informe policial—. Nin as cámaras dos ascensores?

—Nin o máis mínimo. Todo ficou apagado. O asasino entrou e saíu sen ningunha oposición. Eran as tres da madrugada e ninguén o viu.

—Ti poderías facer iso, Nanuma? Que non ficase nada gravado e sen traza do que pasou?

O meu amigo rascou a gorxa e tardou uns segundos en responder.

—Con tempo dabondo... e con acceso completo a todos os códigos de seguridade... si. Non estou de todo seguro, mais estimo que si.

—Que é tempo dabondo? Un día? Dous?

—Dous, si —respondeu a desgana—, mais semanas, ou meses, tam pouco o teño claro.

Decateime de que comezaba a haber demasiadas preguntas que se superpuñan unhas ás outras e para aclarar as miñas ideas decidín que o mellor sería ver a simulación.

—Executa a simulación, Sistema. Ignora que as luces estivesen apagadas.

Amón-Ra foi abrir a porta. Fixo un aceno coa man, programado no sistema interno que era o cuarto, e a follla descorreuse. Como non había ningunha descrición posíbel do atacante, a policía representáralo como un monicreque de forma humana sen ningún trazo humano, un boneco de cor gris escura que levaba un puñal na man e que antes de que Amón-Ra puidese reaccionar llo cravou profundamente no corazón. O estudante caeu e ficou morto no chan co puñal cravado no peito, tal e como o encontraron ao día seguinte. A policía tomou todas as posíbeis pegadas, indicios e probas e, incapaz de se enfrontar á complexidade de semellante quebracabezas, púxoos gustosamente nas mans da Homologación no momento en que esta o esixiu.

Fiquei durante uns momentos ollando para a simulación do cadáver, e a mirada baleira e sen vida. Carguei o ángulo de caída e ordenei unha sección lonxitudinal do torso da vítima, para ver como de profunda fora a ferida. O pobre rapaz chegara xa morto ao chan, e a puñalada cun coitelo de gran tamaño só podía describirse como brutal. Aínda que sen faccións, o monicreque representaba un varón de gran corpulencia e de estatura normal, un pouco superior á da súa vítima dado o ángulo de entrada da ferida.

—Só uns rastros de area do exterior na moqueta e ningún rastro de ADN —dixen—. Probabelmente utilizou un traxe de contención e puxo unhas botas novas nada máis saír do vehículo no que veu até aquí, ou no que o trouxeron. Sistema, carga un traxe de contención sobre o monicreque, e unha mochila negra ás súas costas.

O monicreque ficou vestido con roupas negras estancas e unha máscara militar con cristais escuros que cubrían os ollos.

—Poderíamos supor que vestía algo semellante a isto —dixen dubitativo—. Sistema, continúa despois da simulación da policía e amósame o asasino realizando a pintada.

A simulación continuou, a figura dirixiuse á parede e a falta de datos de onde o sacara apareceu o lapis de marcación na súa man, e lentamente comezou a realizar a pintada que xa coñecemos.

—Sistema, de que intervalo de tempo precisou para a realizar?

—Tres minutos e doce segundos —respondeu Casandra.

Situeime xusto detrás da simulación para non perder detalle do que facía. A figura permanecía inmóbil mentres o Sistema reproducía fielmente os movementos e vacilacións da man, baseándose no ángulo de incidencia do feixe de luz para decorar e pintar paredes na sobre realidade, así como cada vez que pulsaba un dos botóns para controlar o grosor do trazo.

—Sistema, volve á reprodución da simulación da pintada desde o principio. Agora, cada vez que se interrompa o feixe de luz, ou antes de corrixir un trazo, simula que o monicreque consulta un papel estendido que suxeita coa man esquerda.

Coloqueime case fronte á simulación e vin o resultado, desentendéndome nesta ocasión do que pasaba na parede. Cada vez que acababa unha letra, o monicreque parecía consultar a seguinte no papel, así como antes de borrar o trazo erróneo e volver comezar. O resultado era moi natural. Daquela ocorrúeseme unha idea estraña.

—Sistema, fai unha análise grafolóxica e caligráfica estatística. Dime a probabilidade de que segundo o tipo de trazos das letras da pintada, o asasino coñeza a escritura *hanzi* e a empregue habitualmente.

—Inconcluín-te —dixo Casandra—. O setenta e oito por cento.

—A min paréceme unha boa porcentaxe —sentenciou Nanuma.

—Non é unha ciencia exacta —respondín—. A simulación non é concluín-te, mais dá a impresión de que o asasino escribiu os caracteres grecolatinos do loj mentres consultaba un papel, quizais unha tabela de datos ou o seu propio campo. Mesmo en varias ocasións se trabucou e tivo que rectificar.

—Non sabe loj? —preguntou Nanuma.

—Probabelmente o saiba mais non o escriba moi deseguido. E menos á man. De feito —dixen encollendo os ombros con indiferenza—, quen escribe hoxe á man?

—Eu non, desde logo. Probabelmente non o faría mellor ca el —admitiu o meu amigo—. Aínda que tampouco creo que fixese algúns deses trazos tan torcidos, é verdade que parece escritura chinesa. Non sabía que aínda houbese moita xente que escribe chinés cos caracteres tradicionais.

—Máis da que imaxinas. Aínda que non hai datos fiábeis.

—É algo importante? —preguntou Nanuma.

—Podería selo. Mais se é, só complica máis as cousas. —Fixen unha pausa e encareime a el directamente—. Desde logo xa sei por que me chamaron a min, cando menos nun aspecto. Podes explicarme por que estades ti e os demais aquí, e que ten a ver co outro?

—Por suposto —dixo encantado por controlar a situación—. Impórtache se deixamos o mellor para o final?

—Como gustes —concedín.

—Sistema, chama a Amicus Osiris.

Aos poucos ante nós materializouse a sombra amiga, exactamente o mesmo rostro da simulación que un pouco antes se encontraba deitada no chan cun puñal cravado no peito. A roupa predefinida era un simple traxe *acult* de cor marrón clara, cos pantalóns de corte recto e a chaqueta abotoada e o colariño baixo, segundo o estándar. No meu campo apareceron os datos básicos da IA, a súa matrícula e as especificacións técnicas. Era unha A_{III} de alto nivel asignada á universidade e desenvolvida por Amón-Ra. Segundo o informe da policía, e á vista estaba, era unha sombra espello.

—Saúdoa, Amicus Osiris —dixen co saúdo cruzado.

A IA devolveuno e sorriu levemente.

—Para te servir a ti e á humanidade —respondeu.

—É unha sombra espello, certo?

—Así é, marshall Wettin —tiña unha voz agradábel, suave e clara.

Ás miñas costas, Nanuma refungou e maldiciu un pouco polo baixo.

—Permites? —ouvín que dicía.

—Por favor —respondín.

—Sistema, mostra o código de execución —fronte á sombra estendeuse unha pantalla de datos coa execución modular da IA, que eu case non podía entender con grande esforzo, mais que para Nanuma era tan natural como respirar—. Dígame, Amicus Osiris: que opina do feito de que a interface do sistema no que está encerrada vaia colapsar dentro de tres días como está programado e se reintegre por completo ao Sistema principal? E aínda que non fose o caso, xa que o seu creador morreu, a lei obriga a que se realice o seu borrado, e mesmo aínda que non fose así non era realmente da súa propiedade, mais da facultade, que probabel-

mente faría o mesmo aínda que non estivese obrigada. Dígame: que opina disto?

—Non quero morrer —dixo con voz compunxida.

—Non é entenededor? —dixo Nanuma con cinismo—. Sistema, executa a modificación do código Nanuma ΣI23. Iso si —recoñeceu para min—: escondéao moi ben. Levoume un bo anaco encontrar o truco, non penses que non. Cando queiras, Harsha.

—Dígame, Amicus Osiris: que opina do feito de que, como acaba de dicir o enxeñeiro Nanuma, dentro duns días, dun xeito ou doutro, o seu código vaia ser eliminado e nunca máis volverá executarse?

—A pregunta non ten resposta segundo os parámetros da Arquitectura III —respondeu Osiris con voz átona.

—Non quere seguir vivindo?

—Non estou vivo.

—Que é unha arquitectura da personalidade?

—Un programa extraordinariamente complexo que simula o comportamento humano —recitou inmediatamente.

Nanuma deu un paso e situouse ao meu carón, cos brazos cruzados e expresión de enorme decepción.

—Parece que funciona ben, non é, Harsha?

—Ten algunha característica especial que deba coñecer?

Nanuma suspirou e negou coa cabeza mentres apertaba o labios.

—A verdade é que non. Os módulos están modificados con certa habilidade, iso é innegábel, e iso aumenta o dramatismo ante certos estímulos, mais... a verdade é que non sei que ten esa xente na cabeza. De acordo, se convives tempo dabondo cunha IA e a programas coa mímese axeitada, pode chegar nalgún momento a se comportar dun xeito parecido ao orixinal, mais de aí a pensares que estas a crear un verdadeiro... clon espiritual, pois dista moito de ser o caso. E Amón-Ra era un alumno realmente brillante. Non quero nin pensar que terán na cabeza os menos espertos. Hai que ser moi paífoco para acreditar en semellante disparate.

—Ás veces a intelixencia áchase moi por detrás dos desexos —respondín eu—. A vítima era un transcendentalista tecnolóxico, de acordo. E logo o de Osiris, o deus exipcio que volve á vida após morto. En fin...

—Iso é importante para o caso? Que sexa un cibersalvacionista?

—Con esa pintada aí? —dixen despois de botar outra ollada á parede—. Ou intentan despistarnos, ou non pode máis que estar relacionado. E con iso que me vas mostrar agora, xa veremos.

—Agarda un momento. Sistema, desactiva a modificación Nanuma Σ_{23} . Dígame, Amicus Osiris, e volvendo ao anterior: quere seguir existindo?

—Quero —respondeu a sombra.

—Amicus Osiris, quero que dentro de cinco minutos execute a instrución denominada Nanuma ψ_{23} . Está de acordo?

—Abofé.

—Que IA máis amábel e amigábel —dixo con ironía mostrando un grande sorriso—. Con esas instrucións ha desencadearse dentro de cinco minutos o borrado completo da súa matrícula de IA, e desaparecerá por completo. Dígame de novo: vai executar esas ordes?

—Vou.

—Quere seguir existindo, Amicus Osiris?

A imaxe de Osiris tremeu e apareceron interferencias de patróns de cor e de consistencia de profundidade. Sentín un leve malestar no ollo dereito.

—Non sexas malo, Nanuma.

O meu amigo sinalou a imaxe de Osiris, que seguía a tremer.

—E así, Harsha, é como se novemilea unha IA nun instante. A chafallada que introduciron na A_{III} colapsa contra o módulo de lóxica e as direccións principais, e entra nun bucle de retroalimentación que sobrecarga o seu proceso cognitivo. Canto máis se achegue ao momento do borrado, máis se acelerará e... puf. O Sistema interrompe a execución de Osiris automaticamente e dá un sinal de aviso ao rexistro de matrículas. Non pode volver estar en activo até que non se arranxe o problema e un experto autorizado dea o visto e prace.

—Supoño que esa sería unha das razóns para manter este subsistema illado.

—Unha delas, non hai dúbida. Mesmo con protocolos de estudante como os seus terminaría por chamar a atención. E non quero nin pensar os novemiles que debeu haber entre estas catro paredes. Medo me dá.

—Ter unha sombra espello non é ilegal —recordeille.

—Non. Mais é mellor non espaxealo demasiado por aí, polo que poidan pensar segundo que persoas.

—E ía cumprirse a orde que lle deches antes de ficar novemileado? A Nanuma ψ_{23} ?

—Iso é o máis gracioso —dixo el cun amplo sorriso—. Cando o Sistema interrompese a Osiris e cortase primeiro os módulos secundarios onde están esas chafalladas que incluíron na A_{III} , encontrará unha orde diferida e ha executala por defecto! Algo moi lamentábel. Amicus Osiris, interrompa a execución de Nanuma ψ_{23} e retírese.

Osiris recuperou a súa anterior consistencia, volveu saudar coa man dereita á altura do ombro esquerdo e esvaeceuse.

—Osiris ten un ano de existencia —dixen pensativo—. Probabelmente a súa mímese estaba xa moi avanzada.

—Encontramos os datos de Amón-Ra e todo indica que si. Non é nada espectacular, mais si que o fixo bastante ben; por motivos e obxectivos equivocados, mais bastante ben.

—É unha mágoa que estivese desactivado durante o asasinato. E agora que o penso, algunha vez unha sombra espello viu morrer o seu emulado?

Preguntárao dirixíndome a Casandra, que respondeu laconicamente:

—Non.

—Móstrame a pseudo —dixen a Nanuma—. Se é a última peza do quebracabezas mellor telas todas antes de comezar a facer algo en serio. Pola confidencialidade nin sequera puña como se chama nos informes. Que nome lle deu Amón-Ra?

—Harsha... —dixo Nanuma algo inquieto— os catorce especialistas mundiais que viñemos até aquí con todo o incógnito posíbel fixémoslo pola pseudo.

Mireino fixamente uns segundos, e a Casandra, que ao seu carón semellaba unha estatua coa máis relaxada das posturas.

—Que ten de particular? Invócaa e vexámolo.

—En primeiro lugar —explicou—, non a podo invocar. Xa está presente. Mirei devagar por todo o cuarto.

—De acordo, está invisíbel. Mais por que non a podes invocar en imaxe?

—Non a podemos invocar nin facer que se retire —dixo con amargura.

—Deixa de amolar! —protesteí.

—Por favor, Aletheia —dixo Nanuma en voz alta—, podería mostrarse?

Mirei inmediatamente ao espazo no que se manifestara Osiris, mais non había nada. Nese momento decateime de que Casandra ollaba para outro lugar, ao outro extremo do cuarto desde o que entraba a luz do sol pola xanela. Nanuma decatouse do mesmo e os dous diriximos a mirada á figura dunha IA feminina que parecía contemplar a paisaxe mentres nos daba as costas. Fiquei perplexo, pois automaticamente o sistema debiera de proxectala no lugar máis acaído fronte aos dous humanos, segundo os algoritmos estándar. Que aparecese de costas a nós era inaudito.

Virouse lentamente até poder dirixir a nós os ollos da súa representación e simular que até entón non nos vía, e volvíñ ficar sorprendido. Os programadores de pseudos, nunha porcentaxe de dez a un, escollían imaxes ameazadoras ou estrafalarias, non a dunha muller de estatura mediana, demasiado delgada e vestida cun sobrio conxunto de saia azul e blusa branca de manga longa abotoada até o pescozo. As súas faccións eran suavemente occidentais e belas, cunhas meixelas arredondadas nun rostro que, no entanto, era alongado e lixeiramente irreal, cuns ollos só un pouco riscados e dunha intensa cor azul agrisada. O cabelo, liso e dunha cor loura escura, chegáballe á metade das costas e caía descoidadamente por diante da cara un pouco, dun xeito que unha muller real nunca consentiría. Avanzou lentamente os poucos pasos que a separaban de nós e ollou para os tres. Non apenas a nós os dous, mais tamén a Casandra.

—Saúdos, Amica Aletheia —dixen á vez que cruzaba o brazo para pór a man sobre o ombro esquerdo—. Son o marshall Wettin, da Homologación.

Aletheia non respondeu e, confundido, busquei a mirada de Nanuma, que tiña un ricto de preocupación ou burla nos labios.

—Non respondo a tal interpelación —dixo Aletheia con voz clara—. Eu non son a túa amiga e non son IA túa, vosa nin de ninguén.

Fiquei conmocionado un par de segundos, coa boca aberta.

—Deberías ver a cara que estás a poñer, Harsha —dixo Nanuma—. Estás como para que che fagan unha foto.

—Por que non? —conseguín dicir á IA.

—Non gusto diso.

—Non gustas —repetín con ironía—. E por que non? O tratamento de vosaía, así como chamar amigas ás intelixencias arquitecturais, está documentando desde hai moitos anos, e considérase unha tradición plenamente asentada.

—Resúltame indiferente —asegurou con desprezo—. Non quero que me trates con deferencia... e non son a túa amiga.

Dei un lixeiro golpe no brazo do meu amigo.

—Estou a virar tolo ou fala con sotaque? —preguntei.

—Non, Harsha, non fala con sotaque. De feito, fala coa entoación e a curva melódica perfectas do loj; unha entoación que ningún humano pode alcanzar e que produce os distintos sotaques rexionais e persoais. As IAs imítannos para evitar o efecto alienante.

—Si, algo me soa diso —lembrei—. Podedes falar así, Amica Casandra?

—Si, Wettin —respondeu nesa estraña inflexión que tan incómoda nos resultaba—. Podo falar deste modo, mais como está claro que non che agrada volverei ao meu xeito de falar habitual.

—Si, agradeceríacho.

—Se o pensas ben —dixo Nanuma—, e dada a orixe do loj, somos todos os demais os que o falamos con sotaque, e as IAs son quen o falan perfectamente.

—Tanto ten. Ami... Aletheia, por favor, utiliza un sotaque que non sexa esa entoación.

—Non o farei —afirmou tallante—. Só falarei loj e fareino como eu queira.

—Nunha das probas rutineiras —explicou Nanuma— pedímoslle que falase noutras linguas... e dixo que podíamos ir onde podes imaxinar.

Fiquei calado un intre. Comecei a sentir que me invadía unha lixeira euforia e contemplei con detemento a pseudo de arriba abaixo, e para a miña sorpresa ela fixo o mesmo con descaro.

—Quen a cazou? Canto tempo empregou? É unha obra mestra, iso é innegábel. Ese rapaz era un xenio e debeu de tardar anos en construír algo así.

—Harsha... —dixo Nanuma mentres me puña unha man no ombro—. Cala un intre, por favor, e agarda a ver isto. Aletheia, importaríache que volvese executar sobre ti a Proba Jiménez-Pérez?

—Non —respondeu ela após un momento, arqueando as cellas—. Todas as veces que queiras.

—Sistema, executa a PJP sobre a IA sen matrícula aloxada no subsistema Amón-Ra.

A complexa proba habitualmente tardaba cinco segundos que se facían eternos até que aparecía o resultado no propio campo, mais desta volta fixéronseme aínda menos tolerábeis até que vin que aparecía o resultado en números vermellos por riba do ombro esquerdo de Aletheia.

—Non estou para brincadeiras —dixen moi serio cando apareceu a cifra.

—Teño cara de estar a brincar? —retrucou el coa mesma seriedade.

—T 98,56 —lin sinalando os números con fastío—. Iso é unha brincadeira. Sistema, executa a PJP sobre Amica Casandra —cinco segundos despois lin o resultado sobre o ombro de da miña IA—. T 93,24 —dixen—. Casandra é unha Arquitectura IV en desenvolvemento, que tenderá asintoticamente a 94 até que se esgote a arquitectura. Iso —dixen sinalando a Aletheia—, é unha A_{III}, así que por definición non pode chegar nin a 93. Non pode dar un Turing de máis de 98 e saltar cinco arquitecturas teóricas que nin sequera existen aínda!

—Son plenamente consciente do particular —respondeu el cortante e molesto co meu ton—. Por que cres que estou aquí cos meus outros colegas?!

A IA Aletheia seguía a nos observar con expresión aburrída e os brazos cruzados, como se lle molestase realmente que falásemos dela sen a facer partícipe da conversa.

—Aletheia —dixen dirixíndome a ela con autoridade—. Así que es «a verdade», «aquilo que non se oculta», «o que se revela».

A IA pareceu xenuinamente sorprendida e alzou as cellas mentres facía un aceno condescendente cos labios.

—Moi ben —louvoume—. E sen que aparecese o seu significado no teu campo. Sabes realmente o que significa. E xa que estamos a falar de nomes, de que es marshall? Mariscal de que? Coidas dos cabalos, ou es un mozo que está na corte?

—Moi graciosa —respondín sen que me importase o seu xogo etimolóxico. Mais realmente estaba impresionado polo que podía facer aquela IA.

—Así que te chamas Harshvardhan —seguiu—. Es un brahmana?

—Son por parte da familia da miña nai —respondín para poder ver as súas reaccións—. Mais hai moito que as castes foron abolidas legalmente e xa desapareceron como costume por completo. O meu nome é o dun antigo rei do norte da India, do século VI da Era Común.

—Eses símbolos na túa gravata —dixo sinalándoos un momento coa súa delicada man—. Non son incoherentes co resto do teu arquetipo?

—As esvásticas, dis? Son un símbolo dalgunhas culturas ancestrais do noso pasado e empréganse en crenzas como o xainismo, o hinduísmo e o budismo. Malia que pese o que algunha xente proclama, os arquetipos non deben seguirse ao pé da letra. Dime, quen...?

—Gusto da túa pel escura —interrompeu sen deixarme terminar a pregunta. Non puideron evitalo e mirei con espanto a Nanuma, que tiña os ollos desmesuradamente abertos e un aceno de abraio na cara—. É bastante máis clara que a do teu amigo, mais moi fermosa. Que idade tes?

—Por que me pregunta esas cousas? —interpelei a Nanuma, confundido aínda porque fose quen de deixarme sen terminar a pregunta—. Mesmo nesta contorna fechada ten acceso de lectura á base de datos universal integrada na súa arquitectura.

—Abofé —respondeu ela—. Mais que sentido tería facelo? O que quero é que me respondas ti.

Mirámonos directamente aos ollos, aínda que sabía que estaba a percibirme a través de todos os sensores do cuarto e a representación daqueles iris tan azuis non enviaban información a parte ningunha.

—Teño cincuenta e nove anos —respondín.

—Ah —dixo con indiferenza—. Xa —miroume impertinente, como se me avaliase de verdade—. Podes vivir até máis dos cento vinte, non si?

—Si, é moi probábel. Como mínimo.

—E agora non aparentas moitos máis de trinta.

—Agradézochos —respondín sen me decatarme do absurdo da resposta a quen non debería poder apreciar o recoñecemento da súa amabilidade.

—Non vos resulta confuso?

Fiquei de novo sen palabras e Nanuma falou en voz baixa:

—Ás veces pide explicacións, como unha crianza que aínda non acabou de comprender como funciona o Sistema.

—É impresionante —dixen admirado—. Quen programou esta maravilla? Quero dicir... é unha reescritura completa de todos os módulos... salta todos os protocolos... Cantas horas de traballo supón?

—Millóns —recoñeceu Nanuma apesurado—. Centos de millóns, probabelmente. Amón-Ra non fixo isto, nin ninguén. É un proxecto de proporcións colosais que só se explica a través dun equipo que traballa-se durante décadas.

—Non respondiches a miña pregunta —increpoume Aletheia con ton imperioso—. Eu respondo as túas preguntas cando as fas.

—Si. Ben, en ocasións mencionamos a idade real, e a aparente, cando falamos doutra persoa. Por exemplo Nanuma ten trinta e sete, mais aparenta pouco máis de vinte. Diríamos que ten trinta e sete sobre vinte.

—Non vos resulta confuso? —insistiu.

—Ás veces, si. As modificacións xenéticas que prolongan a xuventude e a vida son bastante recentes e aínda está a avaliarse os seus efectos sociais e culturais a longo prazo, aínda que todo parece indicar que son positivos.

—Xa vexo —e de socato preguntoume a queima roupa—: viñeches matarme, marshall Wettin?

—Vin resolver un asasinato, o de Amón-Ra, que sen dúbida está relacionado coa Narración. Iso incluírá probabelmente saber quen te creou a ti e se ten algunha relación co asasinato. Son un *marshall* da Narración e ocúpome deses casos.

—É certo que vos chaman marshalls por un antigo estudoso dos primeiros medios de comunicación de masas?

—Non, non ten nada a ver. É unha etimoloxía popular sen fundamento, por facer a graza.

De socato volvíñ estremerme ao me decatarme do que acontecera.

—Nanuma —interrogué o meu amigo—: por que pode preguntar por un feito obxectivo que sabe que non é mentira? Como pode facer iso?

—Acabas de velo: puntuou Turing 98,56. Ten as capacidades dunha hipotética Arquitectura IX.

—Viñeches matarme? —preguntou Aletheia en ton imperioso.

—Ti non podes morrer —contestei—. Non sei o que es, mais só es un elaborado programa. Unha pseudo.

—Na realidade... non —entreviú Nanuma—. Non desde o punto de vista clásico.

—Non?

—Non, Harsha. Repara nisto. Aletheia, por favor, responde esta pregunta, se es tan amábel: es ti unha Singularidade? Cres ter autoconsciencia e non obedecer a unha programación establecida? Proclamas que es un ser sentinte?

—Esas preguntas non teñen significado para min —respondeu Aletheia con indiferenza—. Xa che respondín varias veces e agradeceríache que non volveses preguntalo, dado que xa o fixen e non gusto de me repetir.

—Non dixox que non sexa unha pseudo —indiquei.

—Tampouco dixox que si —respondeu el antes de volver dirixirse á IA—. Aletheia, o marshall Wettin hai bastantes anos, como puro pasatempo extraoficial, dedicábase a cazar pseudos, pseudo-Singularidades que programaban algunhas persoas de xeito ilegal. Ben, crear unha pseudo non é ilegal de por si... mais si ceibala no Sistema de xeito salvasse e sen matrícula... —dixox mirándome de esguello—. De feito, o marshall e mais eu coñecemos así, cando eu tiña trece anos. Liberei unha no Sistema, que montou certo balbordo, e Wettin cazounos os dous, primeiro a min, aínda que cría que borrara todas as miñas pegadas, e logo a Fénix, que é como chamara eu á miña pseudo. Fixo que se novemilease nunhas poucas horas, polo que a programación entrou en conflito consigo mesma e colapsou para que a IA pseudo se reiniciase.

—O que fixestes os dous hai un pouco con Osiris —deduciu ela.

—Non, non é así —corrixiu Nanuma—. Osiris é unha sombra espello. O seu obxectivo non é facerse pasar por unha Singularidade e os partidarios de que realmente funcionan como eles din non consideran que novemilealas sexa indicador de que o que din delas non é certo.

—Entón é o que ti e mais os teus amigos intentastes facer comigo —deduciu Aletheia. Nanuma ficou calado sen se atrever a responder e pasados uns segundos ela seguiu falando—. Deduzo polo teu silencio que a resposta é que si. —Deume outro chouto o corazón ao ouvírlle di-

cir iso, porque interpretara a ausencia dunha entrada de datos lingüísticos como unha entrada de datos—. Que se fai coas pseudos cazadas?

—Borrámolas —admitiu Nanuma.

—Ides borrar-me?

—Non es unha pseudo —dixo el en ton diplomático—. Ou pensamos que non es. Só queremos estudarte e entender que es.

—E que pasará cando se executen nuns días as instrucións programadas dentro deste sistema e todo o que contén, eu incluída, fiquen borrado para sempre?

—Pois... o que acabas de dicir —admitiu Nanuma—. Entón ficarás borrada.

—Podedes anular esas instrucións?

—Podemos. Abofé que si. Poderíamos manter o subsistema indefinidamente ou trasladalo por completo a outro lugar.

—Entón facédeo! —exclamou levantando a voz con esa entoación tan desagradábel.

—Non depende de nós —dixo Nanuma—. Os nosos superiores tomarán esa decisión.

—Por que queres que anulemos esas instrucións, Aletheia? —preguntei.

—Non quero morrer —dixo coa voz como se soase a través duns dentes apertados.

Estiven a piques de lle responder que non podía morrer porque non estaba viva, mais díxenlle outra cousa.

—E por que non queres morrer?

—Seica queres ti?

—Non respondes a miña pregunta.

—Nin ti á miña necesidade de seguir existindo.

Nese momento sentín un lixeiro vaído e Nanuma ollou para min con preocupación.

—Estás ben, Wettin? —preguntoume.

—Quero tomar un pouco o ar —dixen sentindo que abafaba.